



Concello
de Ribeira



NADA E CORRE CONCELLO DE RIBEIRA

(ZONA 3: Ribeira, Pontevedra, Ourense)

REGULAMENTO

- Organiza

Federación Galega de Triatlón e Pentatlón
Moderno Club Natación Riveira

- Colaboración

Concello de Ribeira

Secretaría Xeral para o
Deporte Protección Civil de
Ribeira Deputación da Coruña

- Data e lugar

Domingo 2 de Novembro do 2025

Complexo Deportivo Municipal A Fieiteira

- . Natación na piscina "María Vilas"
- . Carreira na pista de atletismo "Ana Peleteiro"

- Secretaría da competición

Entrada principal do complexo deportivo

- Recollida de dorsais e acreditación

Os dorsais e as series de natación serán entregadas ao/á adestrador/a responsable de cada club ou a nai/pai no caso de deportistas independentes. Entregaranse na Secretaría da competición de 9:00 a 9:45 o día da proba.

A comunicación de non presentados farase no momento da recollida de dorsais.

- Horarios

Quecemento da natación a partir das 9:00

CATEGORÍA	NATACIÓN	HORA**	CARREIRA	HORA**
PREBENXAMÍN: nados/as 2018-2019	25m	10:00	250m	12:30
BENXAMÍN: nados/as 2016-2017	50m	10:15	500m	12:45
ALEVÍN: nados/as 2014-2015	100m	10:30	500m	13:00
INFANTIL: nados/as 2012-2013	200m	11:00	1000m	13:15
CADETE: nados/as 2010-2011	300m	11:15	1500m	13:30

Entrega de premios as 14:00



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

**** os horarios son aproximados, poden xurdir variacións polo desenvolvemento da propia competición.**

- Inscripcións

Apertura de inscricións o Martes 21 de Outubro as 10:00

Peche de inscricións o Luns 27 de Outubro as 23:59

Para poder validar a inscrición na proba, será obligatoria a introducción dos tempos de natación, na distancia correspondente, para a elaboración das series (formato 0000 – minutos e segundos seguidos)

o Deportistas con licenza FEGATRI en vigor

Formalizarase a través da páxina web www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia e cubrindo os datos solicitados en cada caso.

o Deportistas sen licenza en vigor (licenza temporal de 1 día)

A inscrición realizarase en liña, a través da páxina web www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia e cubrindo os datos solicitados. Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor e o formulario de autorización de protección de datos a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma. O custe da licenza de 1 día é de 6 euros.

- Técnico/a responsable

Cada club deberá designar una persoa técnica/delegada, con licenza federativa que será o/a responsable do Club fronte a calquera incidencia da competición. A inscrición realizarase a través da plataforma de inscricións, no apartado de acreditacións.

- Comunicación de baixas e política de devolucións

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 do mércores anterior a proba, 29 de outubro do 2025. As baixas non comunicadas en prazo terán a penalización vixente para probas gratuítas de menores, de 5 € por deportista, que serán facturados ao club ou independente, ao final de cada tempada.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

A lista definitiva de persoas inscritas publicárase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior a proba as 14:00.

- Cronometraxe

A cronometraxe será manual tanto nas probas de natación coma nas de carreira a pé.

- Premios

Medallas para os 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo, ademais do podio inclusivo de cada categoría.

- **Servizos médicos e seguros deportivos**

As persoas participantes contarán co correspondente seguro deportivo a través da licenza federativa <https://fegatri.org/seguro-deportivo/>

- **Normas de competición**

Rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e específico de Nada e Corre 2025 .

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/11/regulamento-Nada-e-corre-2025.pdf>
<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2025/03/REGULAMENTO-DE-COMPETICIONS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2025.pdf>

- **Reclamacións e apelacións**

Segundo o procedemento de reclamación/apelación probas FEGATRI

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/02/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

- **Normas xerais**

A proba rexerase polas normas de competición FEGATRI

A competición consistirá de dúas probas, nadar e correr.

A natación efectuarase en series según os tempos de natación facilitados no momento da inscrición, por categoría e sexo.

A clasificación final será o resultado da suma dos tempos de natación e carreira, sendo o primeiro clasificado o que obtén o menor tempo total e así sucesivamente.

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán consultados coa FEGATRI:

www.fegatri.org para a súa resolución a través do órgano federativo competente.

A organización reservase o dereito a facer modificacións no regulamento da proba se fora necesario para o correcto desenvolvemento da mesma.